



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 3 de marzo de 2016

Hora de comezo: 14.20 h

Hora de remate: 15.00 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Financiamento do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da area de Santiago**
- 3. Xustificación da subvención “Actividades de promoción turística: Proxecto de promoción turística de Boqueixón”**
- 4. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Cadena Cope – Cope Santiago**
- 5. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión SL**
- 6. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Editorial Compostela SA**
- 7. Modificación do baremo de admisión da escola infantil municipal Raiña Lupa de Boqueixón**
- 8. Autorizacións en cambios de situación e novos postos de venda ambulante na feira mercado de Lestedo**

- 9. Xustificación subvención do “Programa de envellecemento activo para persoas maiores 2015”**
- 10. Aprobación de facturas**
- 11. Aprobación das bases do III certame de relatos “Xosé Neira Vilas”**
- 12. Requirimento de limpeza e corta de arbolado no lugar de xxxx-Lestedo**
- 13. Xustificación da subvención “Contratación Técnico Deportivo, ano 2015”**
- 14. Punto de urxencia**
- 15. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de febreiro do 2016.

2.Financiamento do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da area de Santiago

O 8 de setembro de 2014, o Concello de Boqueixón asinou un convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago: A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Vila de Cruces.

Os concellos asinantes comprométese a fixar un orzamento conxunto para o exercicio 2014 en 45.000 €. No anexo I do convenio achégase o reparto económico para o exercicio 2014, resultante de aplicar a media ponderada dos catros seguintes elementos: poboación, superficie, último orzamento municipal aprobado en pleno e prazas turísticas (capacidade aloxativa), calculados sobre as últimas cifras oficiais anteriores á do ano de aplicación. Polo tanto, do cálculo resultante o concello de Boqueixón ten que aportar 807,75 euros.

Na xuntanza do grupo celebrada o pasado día 21 de decembro de 2015, tal como se reflicte na acta, decidiuse manter as mesmas cantidades de 2014 para as achegas do 2016.

O concello está obrigado a transferir no prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponde ó concello que realiza a xestión ordinaria, que neste caso será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local, SA” (Turismo de Santiago de Compostela).

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Que se proceda realizar a transferencia bancaria ó número de conta designado para facer os pagos dos concellos de Área de Santiago, polo importe de 807,75 euros que lle corresponde o Concello de Boqueixón:

Entidade: ABANCA

Enderezo oficina: Oficina de Institucións, Montero Ríos, 9, 1º e2º, 15701 Santiago de Compostela
 IBAN: xxxxx
 CCC: xxxxx

Entidade Beneficiaria: Información e Comunicación Local, S.A (Turismo de Santiago de Compostela), Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).
 NIF. xxxxx

2 Poñer en coñecemento á Tesouraría e á Intervención do concello, para que proceda a realizar a transferencia bancaria e todos os trámites necesarios nos termos indicados e informar deste acordo a todas a partes implicadas.

3.Xustificación da subvención “Actividades de promoción turística: Proxecto de promoción turística de Boqueixón”

No BOP nº 209 do 31 de outubro 2014 saíu publicada a convocatoria de subvención para actividades de promoción turística dirixida a concellos e outras entidades locais para o ano 2015.

Por Decreto de alcaldía do 3 de decembro de 2014, acordouse solicitar unha subvención para actividades de promoción dos recursos turísticos: *Proxecto de Promoción Turística de Boqueixón*.

Mediante a Resolución número 2015/2343 aprobouse a concesión dunha subvención de 4.194,88 € para “*Proxecto de Promoción Turística de Boqueixón*” Cód. Exp.: 2014990005813.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e imputar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión).

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe imputado
			Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data Docu-mento	Nº Docu-mento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo								
ACCIÓN: EDICIÓN MATERIAL TURÍSTICO									
EDICIÓN MATERIAL									
Concepto aprobado na	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe Imputado

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
concesión									
Edición Material turístico	Imprenta Artes Gráficas Alonso	xxxxx	Maquetación e impresión de 5.000 trípticos Pico Sacro 5.000 cuadrípticos "Coñece Boqueixón" 5.000 trípticos "Festas Declaradas"	factura	13/05/2015	A15/197	09/06/2015	3.630 €	3.630 €
Total custo edición								3.630 €	
ACCIÓN: ORGANIZACIÓN FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO									
PUBLICIDADE									
Publicidade (xornais, radio, tv)	Mª Pilar Varela Rodríguez	xxxxx	Publicidade radio Obradoiro, publicidade reportaxe e faldón Correo Gallego	factura	Ene-Feb 2015	114	13/03/2015	1.120 €	1.120 €
Publicidade (xornais, radio, tv)	Uniprex, S.A.U.	xxxxx	Cuñas Festa Filloa Europa FM	factura	28/02/2015	2151008302	31/03/2015	121 €	121 €
Publicidade (xornais, radio, tv)	Uniprex, S.A.U.	xxxxx	Cuñas Festa Filloa Onda Cero	factura	28/02/2015	2151008301	31/03/2015	226,88 €	226,88€
Total facturas								1.467,88 €	
TOTAL GASTOS								5.097,88 €	

2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

3.- Que o gasto xustificativo, e obxecto de axuda, se reflectiu, na forma preceptiva, no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e no apartado 7.2.7 das bases da convocatoria dos programas de Desenvolvemento Turístico de apoio a entidades e concellos para actividades e investimentos durante o ano 2015.

4.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.

5.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.

6.- Que, para o mesmo obxecto, non se obtivo ningunha subvención pública ou privada.

7.- Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

8.- Que está aprobada a última Conta Xeral que legalmente sexa exigible e tela presentada ante os órganos de control externo.

9.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.

10.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

4.Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Cadena Cope – Cope Santiago

Na Xunta de Goberno do 4 de febreiro de 2016, quedou sobre a mesa esta aprobación de convenio para campaña de comunicación á espera da publicación da convocatoria de subvencións para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia 2016.

Tendo en conta, que no DOGA nº 39 do 26 de febrero de 2016, saíron publicadas as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

A ésta entidade vénselle concedendo nos últimos anos unha axuda ó amparo desta convocatoria, de xeito que no presente ano está solicitada a axuda de 3.000€ á que se pode acceder mediante a convocatoria e outra axuda de 1.500€ adicionais mediante convenio a tres con A Banca, Axencia de Turismo de Galicia e o concello (medida especial recollida na Orde de subvencións). Esta entidade prevé imputar unha parte do custo deste convenio ós gastos subvencionados ó amparo desta convocatoria.

O Concello de Boqueixón, co fin de dar publicidade e mellorar a comunicación da entidade, considera oportuna a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Cadena Cope- Cope Santiago.

Considerando o elevado número de oíntes das emisoras deste grupo de comunicación, a inclusión de cuñas radiofónicas nos seus programas de información sobre os recursos turísticos do concello, accións de desenvolvemento local que se leven a cabo, eventos de interese cultural e social, etc permiten potenciar en grande medida os resultados dos mesmos. É importante facer chegar a información dun xeito cercano e directo á poboación, conseguindo maior difusión de todas actividades, proxectos, recursos turísticos, festas declaradas de interese turístico, etc que terán maior visibilidade con este servizo.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobación do convenio para a campaña de comunicación que se transcribe a continuación:

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ovidio Rodeiro Tato con DNI xxxxx, en calidade de alcalde do Excmo. Concello de Boqueixón,

E doutra D. Ricardo Doval Miñán, con DNI xxxxx, que actúa en nome e representación de Cadena Cope- Cope Santiago.

Ambas partes reconécese capacidade suficiente para asinar o presente contrato para o desenvolvemento dunha campaña de promoción e difusión de distintos eventos e recursos turísticos do Concello de Boqueixón. En diferentes medios do grupo Cadena Cope de acordo coas seguintes

OBRIGAS E DEREITOS

1 A vixencia do presente convenio cingúese á anualidade 2016, entrando en vigor dende a sinatura do mesmo e tendo como finalidades entre outras as seguintes:

- Difusión de actividades relacionadas coa promoción económica do concello.
- Difusión de actuacións turísticas, culturais, artísticas ou de fomento do emprego.
- Difusión de actividades de relevancia social para o concello.

2 A campaña de promoción e difusión desenvolverase de acordo coa seguinte proposta:

Un paquete de 160 cuñas para emisión en distintas emisoras do grupo (Cope, Cadena 100, Rock FM, Megastar,..) de 20 segundos de duración cada unha delas con ámbito comarcal, as cales serán emitidas durante a vixencia do convenio en función das necesidades do concello de Boqueixón.

3. O Concello de Boqueixón comprométese á aboar a cantidade de 2.117,5 € (ive incluído). Aboarase cun pago único e mediante transferencia bancaria.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto, no lugar e datas arriba indicados.

Polo Concello de Boqueixón

Por Cadena Cope- Cope Santiago:

Ovidio Rodeiro Tato
Alcalde

Ricardo Doval Miñán
Director Comercial Cope

2. Comunicar este acordo á Cadena Cope-Cope Santiago

5.Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión SL

Na Xunta de Goberno do 4 de febreiro de 2016, quedou sobre a mesa esta aprobación de convenio para campaña de comunicación á espera da publicación da convocatoria de subvencións para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia 2016.

Tendo en conta, que no DOGA nº 39 do 26 de febrero de 2016, saíron publicadas as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

A ésta entidade vénselle concedendo nos últimos anos unha axuda ó amparo desta convocatoria, de xeito que no presente ano está solicitada a axuda de 3.000€ á que se pode acceder mediante a convocatoria e outra axuda de 1.500€ adicionais mediante convenio a tres con A Banca, Axencia de Turismo de Galicia e o concello (medida especial recollida

na Orde de subvencións). Esta entidade prevé imputar unha parte do custo deste convenio ós gastos subvencionados ó amparo desta convocatoria.

O Concello de Boqueixón, co fin de dar publicidade e mellorar a comunicación da entidade, considera oportuna a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión, S.L.

Considerando o elevado número de oíntes das emisoras deste grupo de comunicación, a inclusión de cuñas radiofónicas nos seus programas de información sobre os recursos turísticos do concello, accións de desenvolvemento local que se leven a cabo, eventos de interese cultural e social, etc permite potenciar en grande medida os resultados dos mesmos. É importante facer chegar a información dun xeito cercano e directo á poboación, conseguindo maior difusión de todas actividades, proxectos, recursos turísticos, festas declaradas de interese turístico, etc que terán maior visibilidade con este servizo.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o convenio para a campaña de comunicación que se transcribe a continuación:

REUNIDOS

Dunha parte, Dº Ovidio Rodeiro Tato con DNI xxxxx, en calidade de alcalde do Excmo. Concello de Boqueixón,

E doutra D. Jordi Jordá I Casademont, con DNI xxxxx, que actúa en nome e representación de Sociedad Española de Radiodifusión S.L.

Ambas partes recoñécense capacidade suficiente para asinar o presente contrato para o desenvolvemento dunha campaña de promoción e difusión de distintos eventos e recursos turísticos do Concello de Boqueixón.

OBRIGAS E DEREITOS

1 A vixencia do presente convenio cingúese á anualidade 2016, entrando en vigor dende a sinatura do mesmo e tendo como finalidades entre outras as seguintes:

- Difusión de actividades relacionadas coa promoción económica do concello.
- Difusión de actuacións turísticas, culturais, artísticas ou de fomento do emprego.
- Difusión de actividades de relevancia social para o concello.

2 A campaña de promoción e difusión desenvolverase de acordo coa seguinte proposta:

Un paquete de 50 cuñas para emisión en Cadena SER de 20 segundos de duración cada unha delas con ámbito comarcal, as cales serán emitidas durante a vixencia do convenio en función das necesidades do concello de Boqueixón.

3. O Concello de Boqueixón comprométese á aboar a cantidade de 1.089 € (ive incluído). Aboarase cun pago único e mediante transferencia bancaria.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto, no lugar e datas arriba indicados.

Polo Concello de Boqueixón

Por Sociedad Española de Radiodifusión S.L.

Ovidio Rodeiro Tato
Alcalde

Jordi Jordá I Casademont
Director

2. Comunicar este acordo á Sociedad Española de Radiodifusión SL

6.Aprobación convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Editorial Compostela SA

Na Xunta de Goberno do 4 de febreiro de 2016, quedou sobre a mesa esta aprobación de convenio para campaña de comunicación á espera da publicación da convocatoria de subvencións para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia 2016.

Tendo en conta, que no DOGA nº 39 do 26 de febrero de 2016, sairon publicadas as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

A ésta entidade vénselle concedendo nos últimos anos unha axuda ó amparo desta convocatoria, de xeito que no presente ano está solicitada a axuda de 3.000€ á que se pode acceder mediante a convocatoria e outra axuda de 1.500€ adicionais mediante convenio a tres con A Banca, Axencia de Turismo de Galicia e o concello (medida especial recollida na Orde de subvencións). Esta entidade prevé imputar unha parte do custo deste convenio ós gastos subvencionados ó amparo desta convocatoria.

O Concello de Boqueixón, co fin de dar publicidade e mellorar a comunicación da entidade, considera oportuna a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Editorial Compostela, S.A.

Considerando o elevado número de ointes das emisoras deste grupo de comunicación, a inclusión de cuñas radiofónicas nos seus programas de información sobre os recursos turísticos do concello, accións de desenvolvemento local que se leven a cabo, eventos de interese cultural e social, etc permite potenciar en grande medida os resultados dos mesmos. É importante facer chegar a información dun xeito cercano e directo á poboación, conseguindo maior difusión de todas actividades, proxectos, recursos turísticos, festas declaradas de interese turístico, etc que terán maior visibilidade con este servizo.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobado o convenio para a campaña de comunicación que se transcribe a continuación:

Dunha parte, D. Ovidio Rodeiro Tato, maior de idade, con DNI: xxxxx actuando en representación do Concello de Boqueixón (en adiante CONCELLO), con domicilio social en Forte, s/n, Boqueixón, e en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra parte, Dona Palmira Roo Creo, maior de idade, con DNI xxxxxx, actúa en calidade de subdirectora comercial en representación de Editorial Compostela SA (en adiante Editorial Compostela), sociedade con domicilio en Santiago de Compostela, rúa Preguntoiro, 29, e CIF xxxxx.

Ambas partes recoñécense coa capacidade suficiente para asinar o presente contrato coa finalidade de levar a cabo unha campaña de marketing e publicidade do Concello de Boqueixón en diferentes medios do Grupo Correo Gallego durante o exercicio 2016 de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

O convenio entrará en vigor o 4 de febreiro de 2016 e estará vixente ata o 31 de decembro de 2016, podendo prorrogarse por mutuo acordo a partir da devandita data, previa prestación da conformidade por escrito de ámbalas dúas partes tendo como finalidade entre outras as seguintes:

1. Difusión das actividades relacionadas coa promoción económica do concello.
2. Difusión de calquera actuación turística, cultural, artística ou de fomento da creación do emprego organizada ou da que forme parte o Concello de Boqueixón.
3. Difusión de actividades deportivas, sociais, educativas, de atención calquera outras actividades de relevancia social do concello. aos maiores, ou
4. Difusión de actividades medioambientais, de aforro enerxético ou dun consumo sostible e responsable coa natureza, etc., que esté sendo desenvolvida polo concello.
5. Calquera outro tipo de entrevista que sexa de interese municipal.

A CAMPAÑA DE MARKETING DESENVOLVERASE DE ACORDO COA SEGUINTE PROPOSTA:

RADIO OBRADOIRO:

- O Concello de Boqueixón resérvase un paquete de 100 cuñas (de 20 segundos de duración cada unha delas) as cales serán emitidas durante a vixencia deste convenio en función das necesidades do concello.

As cuñas obxecto deste convenio poderán ser enviadas polo concello ou ben gravadas por persoal de Radio Obradoiro seguindo as indicacións do concello, e este comunicará con antelación suficiente cada unha das campañas institucionais programadas e coas que fará uso das referidas cuñas, así como dos contidos específicos das mesmas.

- O Concello de Boqueixón contará con 2 entrevistas de actualidade cultural aqueles persoeiros designados polo propio concello e que se emitirán ao longo da programación de Radio Obradoiro cando o concello o estime oportuno.

No caso de non facer uso das entrevistas, o concello poderá cambiar cada unha delas por un paquete de 10 cuñas que servirán para darlle unha maior difusión ás súas actividades. O custo desta partida ascende a 363€, IVE engadido.

INTERNET:

- Durante a vixencia do presente convenio, o Concello reserva un banner de 300 x 250 pixels na páxina web de El Correo Gallego, www.elcorreogallego.es durante 4 semanas.

Tamén disporá de cobertura informativa de contido cultural, social, turístico ou gastronómico que se publicará en diferentes ubicacións a criterio do director de contido editorial e en función da natureza da información. Tódalas accións de redacción (reportaxes, artigos, galerías, destacados, textos, videos, etc.) levarán link directo á páxina, onde se inclúe o contido sobre a axenda do evento ou información. A creatividade deberá ser facilitada polo concello ou farase cargo Editorial Compostela.

O custo desta partida ascende a 847€, IVE engadido.

PRENSA:

- O concello reserva a inserción de 80 módulos de publicidade a cor, que se distribuirán en 8 anuncios de 10 módulos, podendo modificar esta distribución segundo as necesidades do concello. O deseño dos anuncios poderá ser realizado polo persoal de Editorial Compostela de acordo coas indicacións do concello ou remitido polo mesmo

O custo desta partida ascende a 2.420€, IVE incluído

Prezo e forma de pago:

A inversión total, por parte do Concello de Boqueixón para o total do exercicio económico 2016, derivado deste convenio de marketing, ascende á cantidade total de 3.630€, IVE incluído, e abarcará as campañas arriba indicadas.

Os pagamentos do concello á Editorial Compostela efectuaranse do seguinte modo:

- Editorial Compostela SA emitirá dúas facturas:
- Unha factura no mes de febreiro de 2016 por valor de 1.541,54€ (IVE incluído) correspondente á promoción do “Entroido e Festa da Filloa de Lestedo”, que será abonada antes do 29 de febreiro de 2016.
- Outra factura no mes de xuño por valor de 2.088,46 € (IVE incluído) que será abonada antes do 30 de xuño de 2016.
- As facturas serán abonadas polo Concello de Boqueixón mediante transferencia bancaria ao número de conta: xxxxx

E en proba de conformidade cos termos do convenio, ambas partes o asinan por duplicado no lugar e data expresados.

Polo Concello de Boqueixón

Por Editorial Compostela SA

Alcalde
Ovidio Rodeiro Tato

Subdirectora Comercial
Palmira Roo Creo

2 Comunicar este acordo á Editorial Compostela, S.A.

7.Modificación do baremo de admisión da escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón

No DOG do día 24 de febreiro de 2016, publicouse a Resolución do 18 de febreiro de 2016, pola que se convoca o procedemento da adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 anos para o curso 2016/17.

Dita resolución modifica o ANEXO V relativo ao baremo que se aplica na avaliación das solicitudes presentadas.

Tendo en conta que, a normativa da Consellería de Política Social é aplicable a escola infantil municipal Raíña lupa de Boqueixón, a Xunta de Goberno acorda:

1. Modificar o Baremo aplicable ás solicitudes presentadas no concello de Boqueixón, sendo de aplicación o seguinte:

1º. Situación sociofamiliar.	
1.1. Por cada membro da unidade familiar:	2 Puntos
1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao seu cargo:	1 Punto
1.3. No caso de que o/a neno/a para o cal se solicita a praza nacese nun parto múltiple:	1 Punto
1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia:	2 Puntos
1.5. Pola condición de familia monoparental:	3 Puntos
1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais:	6 Puntos
1.7. Pola condición de familia numerosa:	3 Puntos
1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	ata 3 puntos
2º. Situación laboral familiar.	
2.1. Situación laboral de ocupación:	
– Nai:	7 Puntos
– Pai:	7 Puntos
2.2. Situación laboral de desemprego (1):	
– Nai:	2 puntos
– Pai:	2 Puntos
2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):	
– Nai:	3 puntos
– Pai:	3 Puntos

– (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta resolución.

– No caso de familias monoparentais ou aquelas en que o neno ou a nena conviva cun só proxenitor adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

– Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º. Situación económica.	
R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (calculada de acordo co establecido no artigo 7 desta resolución):	
– Inferior ao 30 % do IPREM:	+4 puntos
– Entre o 30 % e inferior ao 50 % do IPREM:	+3 puntos
– Entre o 50 % e inferior ao 75 % do IPREM:	+2 puntos
– Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM:	+1 punto
– Entre o 100 % e inferior ao 125 % do IPREM:	-1 punto
– Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM:	-2 puntos
– Entre o 150 % e o 200 % do IPREM:	-3 puntos
– Superior ao 200 % do IPREM:	-4 puntos

– En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

– Para os efectos desta resolución están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

– No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2ª e 3ª do baremo.

– No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

2. Publicar este acordo na páxina web municipal, no taboleiro de edictos do concello e da escola infantil Raíña Lupa.

8. Autorizacións en cambios de situación e novos postos de venda ambulante na feira mercado de Lestedo

Con rexistro nº 16/385 do día 26 de febreiro de 2016 douselle entrada neste concello á solicitude de cambio de ubicación do posto de dona Tania xxxxx, titular autorizado co posto nº 72 na Feira – mercado de Lestedo para o posto número 67, vacante na actualidade.

Con rexistro nº 15/2159 do día 12 de novembro de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para don José xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/2388 do día 10 de decembro de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para dona Mª Teresa xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 16/0001 do día 4 de xaneiro de 2016 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para don José xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 16/0158 do día 28 de xaneiro de 2016 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para dona Mª Teresa xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Unha vez revisada a documentación destas solicitudes, compróbase que a documentación presentada se axusta ós requerimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e á Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda ambulante nas feiras- mercados de Boqueixón,

Polo exposto, a Xunta de goberno acorda:

1.- Autorizar o cambio de ubicación e a instalación dos novos postos de venda ambulante na Feira– Mercado de Lestedo e adxudicarlle os seguintes postos numerados:

POSTO Nº	NOME E APELIDOS
67	Tania xxxxx
52	José xxxxx
45B	Mª Teresa xxxxx
72	José xxxxx
50	Mª Teresa xxxxx

2.- Comunicar este acordo ós titulares.

9.Xustificación subvención do “Programa de envellecemento activo para persoas maiores 2015”

No BOP número 209 do 31 de outubro do 2014 saíu publicada a convocatoria de subvención a concellos na realización de programas de envellecemento activo para as persoas maiores durante o ano 2015.

Na Xunta de goberno do 20 de novembro de 2014, acordouse solicitar unha subvención para levar a cabo actividades de envellecemento activo para persoas maiores.

Con data do 24 de marzo do 2015 por vía telemática recíbese Resolución pola que se aproba a concesión de 3.000 euros.

O orzamento subvencionado a xustificar é de 3.900,30 €, o total do gasto do programa. O prazo de xustificación remata o 31 de maio do 2016.

Tendo cumpridos todos os requisitos necesarios e esixidos para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de goberno acorda:

1.-Aprobar e presentar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación **dos acreedores** (nome e apelidos e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (concepto, tipo, data e nº de documento, data de pago) e importe imputado:

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe imputado
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
XUNTA DE GOBERNO	MATILDE CALVO SUÁREZ	xxxxx	SERVIZO TERAPIA OCUPACIONAL	FACTURA	30/04/2015	15/007	09/06/2015		319,20 €
XUNTA DE GOBERNO	MATILDE CALVO SUÁREZ	xxxxx	SERVIZO TERAPIA OCUPACIONAL	FACTURA	31/05/2015	15/011	06/07/2015		418,95 €
XUNTA DE GOBERNO	MATILDE CALVO SUÁREZ	xxxxx	SERVIZO TERAPIA OCUPACIONAL	FACTURA	30/06/2015	15/012	22/07/2015		418,95 €
XUNTA DE	MATILDE CALVO	xxxxx	SERVIZO DE	FACTURA	30/10/2015	15/016	1/12/2015		538,65 €

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe
									imputado
GOBERNO	SUÁREZ		TERAPIA OCUPACIONAL						
XUNTA DE GOBERNO	MATILDE CALVO SUÁREZ	xxxxx	SERVIZO DE TERAPIA OCUPACIONAL	FACTURA	30/11/2015	15/020	23/12/2015		478,80 €
XUNTA DE GOBERNO	MATILDE CALVO SUÁREZ	xxxxx	SERVIZO TERAPIA OCUPACIONAL	FACTURA	29/12/2015	15/024	29/1/2016		418,95
XUNTA DE GOBERNO	ULLA OIL S.L..	xxxxx	GASOIL A	FACTURA	01/04/2015	25/921	21/04/2015	3.099,80 €	1.306,8 € (42,16%)
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO									3.900,30 €

2.- O importe total a xustificar é de 3.900,30 €.

3.-Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas.

4.-Que a entidade executou a publicidade de colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades

5.-Que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

6.-Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización de actividades para a que foi concedida, empregando a lingua galega na planificación, divulgación e desenvolvemento de todas as actividades de envellecemento activo para persoas maiores.

7.- Que a Conta Xeral do exercicio de 2014 foi aprobada e enviada correctamente ó Tribunal de Contas con data do 14/10/2015.

8.-Que o gasto que se xustifica reflectiuse, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, sendo polo tanto contabilizado e pagado

9.- Dar conta deste acordo de xustificación á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais

10.Aprobación de facturas

1. A Xunta de Goberno acorda aprobar seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de **10.071,50 euros**.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Vidrieras Compostela, SL – Plancha policarbonato para arranxo de marquesiñas	151.212.00	237,77
2	Liquidación de gastos de José Gonzalo Torres Gil – factura ITV da motobomba	135.213.00	58,60
3	Probisa – Aglomerado para arranxo de fochancas	153.2.212	493,92
4	Ulla Oil,SL – Gasóleo C para casa do concello	920.221.03	783,84
5	Talleres y Repuestos Barco, SL – Material para mantementos	342.212.00	16,60

	ximnasio municipal		
6	Jaime y Ramón Otero Caritón, SL – Material para mantemento vehículos	135.213.00	21,13
7	Probisa –Aglomerado para arranxo de fochancas	153.2.212	104,48
8	O Imprevisto – Pinchos para 70 persoas Festividade do S. Vicente	912.226.01	350,00
9	O Imprevisto- Pinchos para 16 persoas actividade de teatro	334.226.09	80,00
10	Repsol Butano, SA – Cargas de gas para o pavillón e o campo de fútbol	342.221.02	243,75
11	FEMP- Cota asociado año 2016	920.220.00	244,45
12	Eptisa, SL – Control ambiental do vertedoiro de RSU clausurado de Vigo	172.227.99	1.996,50
13	Cogami Reciclado de Galicia, SL – Recollida de papel e cartón mes de xaneiro	162.3.212	388,98
14	Seguros Bilbao - Seguros frota de vehículos do 14/01/16 ó 14/01/17	920.224.00	3.281,50
15	Mª del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación para Escola Infantil de Lestedo	231.221.05	212,36
16	Almacenes Redondo – Material vario para obras mantementos	151.212.00	199,64
17	Almacenes Redondo- Material vario para obras mantementos	151.212.00	210,47
18	Anselmo Caeiro Vilar – Liquidación de gastos por asistencia a xornadas Deputación	920.230.00	115,70
19	Wolters Kluwer – Manual ordenanzas fiscais	920.220.01	83,20
20	Ambulancias do Nordés, SL – Asistencia ambulancia IV carreira da filloa de Lestedo	341.226.09	130,00
21	Aluminios Vedra – Material para arranxo marquesiñas	151.212.00	50,58
		Importe	9.303,47

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
22	Vodafone – Servizo mensared do 15/01/2016 ó 14/02/2016	920.222.00	14,54
23	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Correos mes de xaneiro	920.22200	24,89
24	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono P. Civil mes de xaneiro	920.22200	30,75
25	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Alarma mes de xaneiro	920.22200	43,92
26	Telefónica España, SAU – Consumo teléfono Centraliña mes de xaneiro	920.22200	600,35
27	Telefónica España,SAU – Consumo teléfono Escola Infantil mes de xaneiro	920.22200	53,58
		Importe	768,03

Con cargo ó orzamento do ano 2015

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que se aboarán con cargo ó presuposto do ano 2015 por un importe de 1.145,62 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
28	Consorcio Galego – Achega económica servizo Xantar na Casa – 4º trimestre 2015	231.227.99	1.145,62
		Importe	1.145,62

Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de euros (suma do módulo B + achega concello) e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención módulo B: 17.664,00 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 873,95 euros

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
29	Almacenes Redondo – Material para traballos Escola Taller	241.212.00	1.448,52
30	Ferliño, SL – Aluguer plataforma para traballos escola	241.212.00	751,77
31	Librería Papelería Avenida – Material de oficina para obradoiro de emprego	241.212.00	95,90
32	El Sol, SL – Material para traballos escola taller	241.212.00	960,95
33	Foga – Aluguer de fotocopiadora – impresora obradoiro de emprego	241.212.00	361,29
		Total	3.618,43

11.Aprobación das bases do III certame de relatos “Xosé Neira Vilas”

O Departamento de Educación e Cultura e a Biblioteca Municipal de Boqueixón, dentro da programación conxunta que realizan, e logo de valorar a importante acollida das dúas anteriores edicións do certame de relatos“ Xosé Neira Vilas”, consideran de interese a súa continuidade coa convocatoria do III certame de relatos “Xosé Neira Vilas”, co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar as bases deste certame que serán as seguintes:

Quen pode participar?

Rapaces e rapazas de primaria (dende 3º) e de secundaria de Boqueixón ou de centros educativos do concello.

A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases.

Qué categorías se establecen?

1ª categoría: 3º e 4º de primaria

2ª categoría: 5º e 6º primaria

3ª categoría: secundaria

Como teño que escribir o relato?

Tema: libre

Formato: Os traballos serán propios e inéditos, escritos a ordenador ou á man, con letra lexible. O texto será en galego e debe conter unha historia orixinal, real ou ficticia, podendo incluír ilustracións.

Extensión: mínima de 20 liñas para os de 1ª e 2ª categoría e de 30 liñas para os de 3ª categoría.

Cando, como e onde deben presentarse?

A admisión dos traballos rematará o **día 25 de abril de 2016**. Os traballos entregaranse no concello (dpto. de educación ou biblioteca) ou no centro educativo.

Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno/a ten na clase así como o curso ao que pertence (non poñer nome e apelidos), ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado ao traballo no que figurarán os datos do autor/-a (nome e apelidos, idade, curso e teléfono).

Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno/a ten na clase así como o curso ao que pertence (non poñer nome e apelidos), ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado ao traballo no que figurarán os datos do autor/-a (nome e apelidos, idade, curso e teléfono).

Quén valorará os contos?

O xurado do concurso estará composto por un representante da Fundación Neira Vilas, un representante do centro escolar, unha persoa do departamento de Educación e a bibliotecaria do concello.

Se nalguna categoría non se considerasen os traballos presentados coa suficiente calidade, o xurado poderá considerar o/os premio/-s deserto/-os.

Qué premios hai?

Por cada categoría estableceranse os seguintes premios:

1º premio: diploma + vale 100 € + libro editado

2º premio: diploma + vale 75 € + libro editado

3º premio: diploma + vale 75 € + libro editado

Notificarase persoalmente a @s gañador@s o lugar, data e hora nos que terá lugar a entrega de premios, sendo obrigatoria a súa presenza.

O concello reservase todos os dereitos para o emprego, reprodución e difusión dos relatos participantes. Os textos gañadores publicaranse en formato libro recopilatorio e na páxina web do concello (www.boqueixon.com) facendo mención á súa autoría.

Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno/a ten na clase así como o curso ao que pertence (non poñer nome e apelidos), ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado ao traballo no que figurarán os datos do autor/-a (nome e apelidos, idade, curso e teléfono).

2.- Dispoñer o concello dos fondos necesarios para facer fronte ao custo dos premios

3.- Dar difusión destas bases no CPI de O Forte para promover a participación do alumnado.

12.Requirimento de limpeza e corta de arbolado no lugar de xxxxx-Lestedo

Antecedentes

O 23 de febreiro do 2016 co número de entrada 16/360, dona María xxxxx, con domicilio en xxxxx, Lestedo, presenta escrito no concello solicitando a limpeza de maleza e corta de

eucaliptos, ata gardar as distancias que esixe a normativa existente en materia de prevención de riscos forestais, respecto da leira de monte que está preto da súa vivenda, cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ.

Manifesta que os eucaliptos están a menos de 30 metros da súa vivenda e a maleza a menos de 50 metros da citada vivenda.

Así mesmo sinala que o propietario é don José xxxxx.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro e mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón, que o propietario do inmovible cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ é don José xxxxx.

Según informe do técnico municipal do 1 de marzo do 2016 *“Feita inspección técnica no lugar de xxxxx - Lestedo, compróbase que existe unha leira dedicada a monte, con abundante maleza e eucaliptos.*

Está preto dunha vivenda. (Cuxa propiedade presenta denuncia)

Desde o paramento vertical da vivenda ata os eucaliptos existe unha distancia de 20,80 metros.

A distancia desde o citado paramento vertical da vivenda ata a maleza é de 20,80 metros.

Non se cumpre coa normativa de distancias esixidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que sinala 50 metros perimetrais libres de biomasa vexetal e que nos primeiros 30 metros non poderá haber eucaliptos, piñeiro.

Axúntase reportaxe fotográfica”.

Consideracións xurídicas

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte,** de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).**

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir ó propietario da leira dedicada a monte de xxxxx – Lestedo, cuxa referencia catastral é a número 3889313NH4339S0001SZ, propiedade de don José xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza (e retirada da mesma) da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de dona María xxxxx e cortar o arboredo (eucaliptos) ata gardar unha distancia de 30 metros respecto da citada vivenda.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.
3. Dar trámite de audiencia ó citado propietario para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

13.Xustificación da subvención “Contratación Técnico Deportivo, ano 2015”

No BOP nº209 do venres 31 de outubro de 2014 saíu publicada a convocatoria do Programa de subvencións para Concellos para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2015, coa referencia FO106/2015.

No BOP nº46 de 10 de marzo de 2015 sale a resolución pola que se aproba a concesión definitiva correspondente a dito programa FO106/2015 sendo o importe da subvención de 6.427'30€ e tendo que xustificar por un importe de 10.712'17€.(cod.exp.2014990006512)

A xustificación realizouse despois de cumprir os requisitos sinalados nas bases da convocatoria,adxuntándose a documentación pertinente (memorias xustificativas,relación de pagos o persoal,etc..)

Así tendo cumpridos todos os requisitos necesarios e as condicións impostas na concesión de dita subvención ,adxuntase a documentación que acredita a súa xustificación e presentase para súa aprobación na Xunta de Goberno:

1.Aprobar as memorias xustificativas das actuacións do persoal contratado.(adxuntase memoria).

2.Imputar e presentar a relación clasificada dos pagos o persoal contratado,neste caso as nóminas relativas a contratación dun técnico deportivo.

Importe Mensual	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL ANUAL
Nómina: total devengado	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.440'59	2.881'18	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.805'12	2.881'18	
Seguridade social a cargo da empresa	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	
TOTAL MES	1.972'46	1.972'46	1.972'46	1.972'46	1.972'46	3.413'05	1.972'46	1.972'46	1.972'46	1.972'46	2.336'99	3.413'05	26.915'23

Sendo o gasto Total Anual de 26.915'33 €.

3.O importe total que se xustifica na contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2015 é de 6.427'30€ sendo a cantidade a xustificar de 10.712'17€.

4.Que o gasto xustificado,e obxecto da axuda,se reflectiu na forma preceptiva no Libro de contabilidade da Entidade, segundo o disposto na Lei 38/2013 do 17 de novembro e nas propias condicións de dita convocatoria.

5. Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades do persoal técnico deportivo contratado.

6. Que para o mesmo obxecto ,non se obtiveron subvencións ou calquera outra forma de financiamento ,de calquera outra entidade pública ou privada.

7. Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a a contratación do técnico deportivo para a que foi concedida.

8. Aprobar a memoria explicativa das actividades e función desenvolvidas polo Técnico Deportivo e na que consta o cumprimento dos obxectivos cumpridos, datas e números de beneficiarios.

14. Punto de urxencia

Motivase a urxencia dese punto no seguinte:

Con data 01.03.2016, o adxudicatario do servizo de actividades culturais e deportivas, CPM organización de eventos, emite a factura correspondente ao mes de febreiro por actividades de adultos e infantís.

Posteriormente, o departamento de cultura realizou a comprobación das horas e actividades descritas na factura, rexistrada o día 02.03.2016, polo que non se puido incluír na relación de facturas incluídas na convocatoria da Xunta de Goberno que terá lugar o próximo xoves día 3 deste mes.

Sen embargo, é necesario proceder coa súa aprobación para o seu aboamento a maior brevidade a fin de evitar á empresa posibles dificultades para o pago do seu persoal encargado de realizar as actividades.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a urxencia deste punto.
2. Aprobar a factura número BO.05, rexistro de entrada de data 02.03.2016, nº 16/419, presentada por CPM Organización de Eventos, correspondente ao mes de febreiro 2016 e por importe de 2.155,01 €. IVA incluído.
3. Dar conta ao departamento de intervención – tesourería para proceder co seu aboamento.

15. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

O alcalde